CaixaBank
PAYMENTS & CONSUMER

COMO SABER SE PODES ASUMIR UN NOVO PRÉSTAMO?

Antes de pedir un préstamo,
é importante saber se o poderás pagar con facilidade.

Para iso, debes coñecer a túa **capacidade de pagamento**.

As entidades financeiras tamén chaman **capacidade crediticia**
a esta capacidade de pagamento.

Cómpre coñecer a túa capacidade de pagamento
para organizar mellor o teu diñeiro e evitar problemas económicos.

Que é a capacidade crediticia?

A **capacidade crediticia** indica se podes pagar unha nova débeda
sen poñer en risco a túa economía.

Para calculala, debes ter en conta:

- o diñeiro que ingresas cada mes,
- o diñeiro que gastas cada mes
- e o diñeiro que che queda dispoñible.

Que é o nivel de endebedamento?

O **nivel de endebedamento** indica
que parte dos teus ingresos utilizas
para pagar préstamos e outras débedas.

Se utilizas unha parte moi alta dos teus ingresos,
quedaranche menos cartos
para pagar outros gastos ou imprevistos.

Canto máis baixo sexa o teu nivel de endebedamento,
quedarache máis diñeiro dispoñible.

Que é o ingreso líquido dispoñible?

O **ingreso líquido dispoñible**
é o diñeiro que che queda cada mes despois de pagar:

- os teus gastos básicos,
- as túas débedas
- e outras obrigas.

Este dato axúdache a saber
se podes asumir un novo pagamento cada mes, sen dificultades.

COMO O PODES CALCULAR?

Podes calcular o teu ingreso líquido dispoñible en 3 pasos:

1. Anota todos os teus ingresos mensuais.
2. Resta as cotas dos teus préstamos e débedas.
3. Resta os teus gastos básicos (vivenda, alimentación, subministracións, transporte etc.).

O resultado é o diñeiro que che queda dispoñible cada mes.

Con este diñeiro podes aforrar,
pagar gastos imprevistos,
ou valorar se podes asumir unha nova débeda.

Se che queda pouco diñeiro, é mellor ser prudente
e non pedir un novo préstamo.

Exemplo:

Imaxina que recibes 2.500 euros cada mes.

Cada mes pagas:

- 800 euros en préstamos e débedas;
- 1.200 euros en gastos básicos.

Para calcular o diñeiro que che queda (ingreso líquido dispoñible), debes facer esta operación:

2.500 € (ingresos) – 800 € (débedas) – 1.200 € (gastos básicos) = 500 €

Polo tanto, quédanche 500 euros por mes,
para aforrar ou para pagar gastos imprevistos.

Coñecer a túa capacidade crediticia é importante para:

- Tomar mellores decisións.
- Pedir préstamos que realmente poidas pagar.
- Evitar demasiadas débedas.
- Reserva unha parte dos teus ingresos para imprevistos.

Recomendacións

- Revisa con frecuencia os teus ingresos e os teus gastos.
- Antes de pedir un préstamo,
  calcula canto diñeiro che queda dispoñible.
- Non asumas novas débedas se cada mes che queda pouco diñeiro.
- Reserva sempre unha parte dos teus ingresos
  para gastos imprevistos.

Consello final

Non só importa canto diñeiro gañas.
Tamén importa canto diñeiro queda
despois de pagar os teus gastos e as túas débedas.

Coñecer a túa capacidade de pagamento
axúdache a tomar decisións responsables
e a coidar a túa economía.